

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

C. Díaz Abreira (2004): “A linguaxe administrativa galega: situación actual”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 2, 291-295.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

A LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA: SITUACIÓN ACTUAL

Carlos Díaz Abraira

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia

ANTECEDENTES

A década dos 80 trouxo consigo un proceso xeneralizado e paulatino, que hoxe prosegue, de incorporación do galego ó ámbito administrativo. O establecemento do marco de cooficialidade lingüística, independentemente da súa valoración e dos xuízos sobre o seu devir, levou a que as distintas administracións, en maior ou menor medida e a diferentes ritmos, empregasen a lingua galega nas súas actuacións e relacións.

Esta situación, que non é nova —o galego xa coñecera usos oficiais e institucionais hai séculos—, ten lugar loxicamente nunhas coordenadas específicas e dentro dun proceso concreto de normalización lingüística. Os antecedentes dos que se dispoñía eran nulos. A falta de estudos máis completos, a nosa documentación administrativa medieval é posible que nos bote luz sobre algúns aspectos como solucións léxicas, fórmulas e frases feitas, estrutura documental... pero a súa achega non é —ou polo menos non foi— moi valiosa. A descoordinación que aínda existe entre o conxunto de redactores administrativos, a carencia de pautas de actuación, a escaseza de materiais apropiados —sobre todo nos inicios— ou a improvisación e a falta de preparación son elementos que inciden no desenvolvemento da moderna linguaxe administrativa, boa parte deles derivados dunha deficiente planificación lingüística. O propio mundo da administración, por outra parte, no que tanto pesan as inercias, acentúa estes aspectos negativos. De tódalas maneiras, as necesidades húbóas e hainas que ir satisfacendo e está claro que, a pesar destas eivas comentadas e doutras cuestións, aspectos como a formación dos redactores, a elaboración de materiais, a superación do modelo castelán, etc., van axudando a que mellore, xunto coa cantidade, a calidade da lingua do conxunto das administracións.

Doutra banda, nos últimos tempos asistimos a correntes modernizadoras nas distintas linguaxes técnicas ás que o galego, claro está, non poder ser alleo. Tendo como fío

conductor o concepto de que estas linguaxes –incluída a administrativa– deben ser accesibles, chegamos ó punto de partida: as administracións, loxicamente, deben relacionarse en galego e débennos facer a través dun modelo de linguaxe administrativa que, primeiro, sexa fiel ó espírito da lingua e, segundo, cumpra coas características de clarezza e accesibilidade que fagan posibles os requisitos que se lle esixen a unha administración moderna: economía, celeridade, eficacia, accesibilidade, transparencia, democratización... Como ten dito algún autor, non pode existir democratización e modernización das nosas administracións se o principal instrumento das súas relacións, a linguaxe, non fai o propio. Resumindo moi *grosso modo*: galego na administración, pero galego que sexa correcto e ó tempo que non sexa “latín” para o conxunto de usuarios.

Con estes antecedentes, penso que se podían comentar algúns principios xerais que deben inspira-lo establecemento e a fixación da moderna linguaxe administrativa galega: 1) a potenciación dun estilo claro e sinxelo; 2) a superación da influencia e do modelo castelán; 3) a potenciación das formas lingüísticas especificamente galegas; 4) a consolidación das formas galegas xa creadas e asentadas, todo iso –creo eu– con dous referentes xenéricos: a simplificación e clarificación textual e maila busca dun certo diferencialismo e da potenciación dos recursos lingüísticos propios.

1) A POTENCIACIÓN DUN ESTILO CLARO E SINXELO

A diferenza do modelo ó que nos ten tan afeitos o castelán, e ante o evidente risco de transvasalo mimeticamente ó galego, debemos procurar unha redacción clara e sinxela e un achegamento da linguaxe administrativa á variedade estándar da lingua. Isto, por suposto, non ten por que supoñer detrimento da precisión e do rigor conceptual que caracteriza o rexistro técnico. Construcións do tipo **polos servicios económicos emitiuse o informe sobre a existencia de crédito*, **o conselleiro xirou visita ás dependencias da delegación* ou **a mesa de contratación prestou a súa aprobación ó orzamento das obra* non engaden absolutamente nada respecto de **os servicios económicos emitiron o informe sobre a existencia de crédito*, **o conselleiro visitou as dependencias da delegación* e **a mesa de contratación aprobou o orzamento da obra*, oracións máis acordes coa estrutura da lingua e mesmo co sentido común.

Esta claridade e sinxeleza da linguaxe administrativa podémola acadar a través de diversos procedementos: emprego da frase e período curto, en lugar dos períodos longos e do exceso de subordinación; ordenación lóxica dos elementos da frase (suxeito, verbo, complementos...); emprego da voz activa, no canto da pasiva (incluso con *se* e axente expreso); eliminación de perífrases e circunloquios, como **o equipo técnico procedeu a efectua-la inspección da obra* (no canto de *o equipo técnico inspeccionou a obra*); eliminación de fórmulas expletivas do tipo *de modo e maneira, en todo caso*, etc.; evita-la excesiva nominalización, usando as formas verbais correspondentes: **estableceuse a*

obligatoriedade do destino das subvencións outorgadas polas comunidades autónomas á minoración do capital pendente de amortizar dos préstamos concedidos...; substitución de pretendidas palabras técnicas do tipo *provisar, aperturar...* polas formas comúns: *prover, abrir...*

Desde o punto de vista ortográfico, cómpre loxicamente utilizar adecuadamente os signos de puntuación e os distintos tipos de abreviación (sobre todo abreviaturas e siglas –estas con moderación e sempre procurando facelas explícitas–) de maneira que se cumpran esas regras e recomendacións apuntadas para construí-las frases. Igualmente, debemos evita-la maiusculización excesiva que se dá nos textos administrativos, que moitas veces ten que ver coa “lúa” de quen redacta (**o Prego para a contratación de Asistencias Técnicas, *a reparación da Igrexa parroquial, *librouse a Orde de Pagamento, *a Autoridade correspondente...*) e que outras tantas agacha concepcións discriminatorias (**Xefa de Servicio/auxiliar administrativa, *Interventor/porteiro maior, *Arquitecto/xardineiro...*).

No tocante á relación que se establece a través da documentación administrativa, cómpre elimina-las fórmulas humillantes ou afagadoras impropias dunha concepción administrativa actual: **por isto, suplica que teña a ben a concesión do permiso solicitado, *por isto, rógalle que se digne a acepta-la presente instancia...* E tamén é deseñable que se potencie o emprego da 1.^a persoa naqueles documentos que unha persoa lle dirixe á administración. Igualmente, e a través de diversos recursos, evitaremos que a documentación administrativa se redacte co universal xénero masculino: **D., nacido en....., veciño de.....; *os funcionarios terán dereito á excedencia voluntaria; *os alumnos afectados pola ESO poderán...* E procuraremos que os formularios administrativos, que deben mellorarse no relativo a deseño e normalización documental, respondan ás unidades de asentamento poboacional (rúas e prazas pero tamén lugares e parroquias).

Como resumo deste epígrafe, podíamos sintetizar estes e outros principios na necesidade de elimina-los trazos distorsionadores ou escurecedores da frase, que deberá comezar pola escala xerárquica superior dos textos normativos, e na busca dun estilo de redacción que aproxime ou iguale as partes que interveñen na comunicación administrativa.

2) A SUPERACIÓN DA INFLUENCIA E DO MODELO CASTELÁNS

Na medida en que os comezos actuais do emprego do galego nas administracións estiveron caracterizados pola falta de tradición galega e por unha concepción dun marco xurídico e normativo pensado e estruturado en castelán, ó que se lle une a xénese mesmo formal castelá, non é de estrañar que a influencia e as interferencias do castelán fosen e sexan correntes, tendo en conta ademais a tradicional formación do persoal administra-

tivo. Outra cousa é que sexan inevitables. A denominación de determinado tipo de recursos que existen, os datos que deben conter algúns documentos, a existencia de órganos propios do dereito español –a Ponencia, por exemplo– son mostras evidentes de que hai cuestións que nos veñen dadas polas regras existentes. Non así, pola contra, outros aspectos, como algúns dos que comentamos no punto anterior –construcción de frase, utilización de recursos lingüísticos, estilo de redacción...–.

No propio ámbito de linguaxe administrativa castelá, que ata ben pouco –queirámolo ou non– foi o noso exclusivo modelo, estase a producir un movemento de renovación e modernización das súas estruturas e de moitos dos seus usos e abusos, na liña das correntes doutras linguas –francés, inglés, italiano, catalán...–. As normas e recomendacións de todas esas linguas, mesmo con carácter de disposicións gobernamentais, apuntan ó aquí xa exposto e na medida en que o galego suba ó carro terá andado bastante na eliminación das interferencias casteláns e do seu obsoleto modelo de linguaxe administrativa.

Polo demais, e o mesmo que acontece noutros rexistros lingüísticos, está claro que se producen as mesmas interferencias (morfolóxicas, sintácticas, léxicas...) do castelán sobre o galego, que loxicamente deben ser superadas cunha boa política de formación e capacitación lingüística do persoal das administracións. Non vou abordar este tema, pero si quixera referirme brevemente ó campo léxico e terminolóxico.

Por un lado, é frecuente –case sempre por contaminación do castelán– o emprego de formas galegas con acepcións, usos ou réximes incorrectos ou cando menos discutibles, que mesmo testemuñan os materiais lexicográficos galegos de uso corrente. É o que sucede por exemplo con formas como *celebrar*, *cesar*, *contemplan*, *informar*, *recorrer*, *ostentar*, etc.

Por outro lado, é especialmente preocupante a falta de planificación e coordinación terminolóxica en galego. A pesar do impulso e do avance dos labores de fixación e difusión terminolóxica respecto de hai uns anos, este campo está especialmente descoidado, o que produce consecuencias negativas máis alá do aspecto do establecemento do corpus lingüístico (aumento de retencias dos técnicos e especialistas das diferentes especialidades e dificultades engadidas dos lingüistas no labor cotián). Como mostra do primeiro poñerei dous exemplos de fenómenos que reflicten a vacilación ou as lagoas neste campo: a oscilación dalgunhas opcións léxicas, como ocorre nos mesmos textos lexislativos galegos entre *obriga de pagamento* e *título de pagamento* (cast. *pagaré*); e a “alegría” na proposta dalgunhas solucións terminolóxicas, como no caso de *correo* ou *carteira* para o termo castelán *valija*.

3) A POTENCIACIÓN DAS FORMAS LINGÜÍSTICAS ESPECIFICAMENTE GALEGAS

Na situación do galego, na que compite ou convive cun modelo tradicional e fortemente asentado como o castelán, non debemos renunciar, cunha certa dose de diferencialismo,

a potencia-la riqueza e os recursos propiamente galegos, tanto na morfosintaxe e no léxico coma no terreo das locucións e frases feitas –tan frecuentes nesta linguaxe–. E farémolo cunha dobre óptica: enriquecer e facer atractiva unha linguaxe de seu unificadora e repetitiva e potencia-las formas e expresións diferenciais respecto do castelán.

Por poñer uns exemplos, no campo da morfosintaxe, potenciaremos o emprego do infinitivo conxugado cando corresponda, e, en determinados textos –quizais nos máis formais–, o futuro de subxuntivo; revitalizaremos a perífrase *estar+a+infinitivo* equivalente ó xerundio (*a dirección do centro está a toma-las medidas oportunas para resolve-lo problema*); potenciaremos secuencias pronominais diferenciais e características nalgunhas perífrases (*as solicitudes débense presentar no prazo de dez días*); ou converteremos en secuencia normal o pronome de reforzo do obxecto indirecto (*correspóndelle á asesoría xurídica emiti-lo informe, esta orde élle aplicable ó persoal laboral*).

En canto ó léxico, sen desbotar por suposto ningunha solución lexítima, tenderemos ás formas diferenciais en casos de parellas como *asinar/firmar* e derivados, *pagamento/pago*, *atopar/encontrar*, *rexeitar/rechazar*, etc. O mesmo pódese dicir de locucións e frases feitas como *a prol de/a favor de*, *a seguir/a continuación*, *por proposta de/a proposta de...* onde ademais recorreremos ó amplo abano de sinónimos para evita-la monotonía da prosa administrativa: *conforme-consonte-segundo...*, *agás-salvo-excepto-bardante...*, *en lugar de-no canto de-en troques de...*

4) A CONSOLIDACIÓN DAS FORMAS GALEGAS XA CREADAS E ASENTADAS

Para este obxectivo, á parte de dotarse dos materiais e das canles de difusión e consolidación propios no ámbito administrativo –escasos, por certo–, cumpriría que os materiais lexicográficos fosen aboando a consolidación destas formas, moitas veces na práctica condición indispensable para a súa aceptación e extensión. Neste punto as obras lexicográficas xerais tiveron e teñen un importante papel; pensemos en formas do tipo *casa do concello*, *cadro de persoal*, *visto e prace*, *danos e perdas*, *rolda-quenda*, *avanza*, *pedimento...* que están plenamente incorporadas ó noso léxico polo uso cotián e mais pola súa fixación en dicionarios e en vocabularios xerais. Non ocorre así, sen embargo, con outras formas que polo momento non foron incorporadas a aqueles cun mesmo nivel de tratamento: *aquendar(se)-arrollar(se)*, *prezo xusto*, *axuda de custo*, *a seguir*, *para (os) efectos*, *se é o caso...*